

A CIG leva ao Parlamento Galego a supresión do plus dos altos cargos

Suso Seixo, secretario xeral da CIG, foi o encargado de defender no pleno do Parlamento, como portavoz da comisión promotora, a **Iniciativa Legislativa Popular** a través da que máis de **19.000 galegos e galegas** demandaban a derogación do chamado plus de altos cargos.

O obxectivo desta ILP non era outro que “corrixir unha deriva gravemente errónea, inxusta, discriminatoria e, aparentemente pouco meditada, na regulación legal das retribucións dos funcionarios que desempeñaron postos de altos cargos”, segundo explicou Seixo na súa intervención, ou o que é o mesmo, a derogación da disposición adicional 17ª da lei de Función Pública de Galiza, que foi votada a favor polos grupos parlamentarios o 27 de xullo de 2007, logo de que o PP a introducira como emenda.



Seixo lembrou que esta decisión legislativa “foi obxecto dunha enorme contestación social, reveladora do distanciamento que nesta materia existe entre a sociedade galega e moitos dos seus representantes políticos” e que subverte “o principio de que o desempeño de cargos públicos ou de designación política non pode converterse nun atranco, pero tampouco nunha vantaxe, para a carreira profesional dos funcionarios”.

O debate da ILP promovida pola CIG non introduciu grandes sorpresas, logo de que os grupos parlamentarios anunciaran xa con anterioridade a súa posición respecto da mesma. O BNG, a través do seu deputado Alfredo Suárez Canal, apostou pola súa toma en consideración, atendendo así a unha demanda social avalada por máis de **19.000 sinaturas**. Toma en consideración necesaria para “res-

taurar e incrementar o crédito da actividade política” dixo, eliminando, en consecuencia, un “privilexio para un determinado tipo de funcionarios”. Privilexio que, segundo as contas do BNG, supón para as arcas públicas un gasto de 3 millóns de euros.

Porén, desde o PSOE, optaron por entender a demanda de eliminar o chamado plus de altos cargos como un freo ao proceso de modernización da administración pública galega. “Respectamos as ILP”, sinalou o seu deputado José Manuel Lage Tuñas, “pero temos que dar pasos no debate e ser conscientes do papel que queremos que teñan os altos cargos. Queremos unha administración con profesionais directivos cualificados”, afirmou. Profesionais que, polo sentido da súa argumentación, só estarían ao dispor da administración a cambio de cuantiosos beneficios económicos que recibirían pola vía destes plus para o resto das súas vidas.

De feito, con ese plus, o Partido Popular entende que non se están a introducir “medidas de tipo elitista”, explicou o seu deputado Antonio Rodríguez Miranda, “senón a súa equiparación co resto das comunidades autónomas”. Afirmación tras da que enumerou un listado de todas as comunidades autónomas nas que xa se aprobara a introdución dese plus. Algo que, ao seu entender axudará a que a administración pública galega “poida contar cos mellores”.

Unha afirmación que resultou indignante para o secretario xeral da CIG, Suso Seixo, quen logo de desmentir a longa enumeración de comunidades nas que se puxera en marcha o famoso plus asegurou que “os nacionalistas temos pensamento propio e non copiamos o que fan os demais”.

Porén, se se trata de copiar para equiparar e eliminar discriminacións, Seixo convidounos a comezar polo máis urxente, lembrando que en Galiza temos os salarios máis baixos, as pensións máis baixas e grandes carencias en infraestruturas ou en servizos sociais.

Este texto é un extractado.

Na web www.galizacig.com está o texto completo.

Compostela, 10 de decembro de 2009